

Padrón

Concello de Padrón

CIF: P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón (A Coruña)

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

RESOLUCIÓN DO ALCALDE NÚMERO 632/2016.

Visto que segundo o artigo 193.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, establece que a Conta Xeral será aprobada polo Pleno da Corporación antes do 1 de outubro, e vista a tramitación urxente da Conta Xeral de 2015 polos motivos expostos na Resolución desta Acaidía nº 552/2016, do 22 de setembro, e

Considerando o disposto nos artigos 21.1.c) e 46.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

ACORDO:


Primeiro. Convocar sesión extraordinaria do **PLENO** da Corporación que terá lugar no Salón de Sesións da Casa do Concello o vindeiro día **2 de novembro de 2016 (mércores) ás 10:00 horas**, coa seguinte orde do día:


Único.- Aprobación da Conta Xeral do exercicio económico 2015 e rendición da mesma aos órganos de control externo.

Segundo. Notificar o presente acordo a todas as Concelleiras e todos os Concelleiros, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación do mesmo, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Terceiro. Facer público o presente acordo mediante a inserción do mesmo no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e dar conta da presente resolución ao Pleno da Corporación Municipal na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Padrón, 26 de outubro de 2016

O Alcalde

Asdo. Antonio Fernández Angueira

Ante mín
A Secretaria

Asdo. Ana María Ares Álvarez